

# **ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, A CONSELLERÍA DE SANIDADE E O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, EN RELACIÓN COA INCLUSIÓN NO SISTEMA DE SEGURIDADE SOCIAL DO ALUMNADO QUE CURSA PRÁCTICAS CURRICULARES DO GRAO EN ENFERMARÍA POLA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA NA ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMARÍA DE LUGO DURANTE O ANO 2024.**

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2024

Dunha parte, don Julio García Comesaña, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, e de conformidade cos Decretos 136/2019, e 137/2019, do 10 de outubro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente, así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

E doutra parte, don Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, que actúa no seu nome e na súa representación en virtude do Decreto 35/2022, de 17 de marzo, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 56, do 22 de marzo de 2022, do seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario e o Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

## **EXPOÑEN**

**PRIMEIRO.** O Decreto 242/2008, de 9 de outubro, polo que se regula a natureza, os fins e os órganos de goberno das escolas universitarias de enfermaría dependentes da Consellería de Sanidade, establece no seu artigo 3 que as citadas escolas universitarias son centros docentes adscritos ás universidades respectivas do Sistema Universitario de Galicia (SUG).

Nomeadamente, a Escola Universitaria de Enfermaría de Lugo está adscrita á Universidade de Santiago de Compostela, á que lle corresponden as competencias recollidas na normativa vixente, tanto a nivel estatal como autonómico, e nos respectivos estatutos e normas de desenvolvemento relativas aos centros adscritos.

**SEGUNDO.** A Escola de Enfermaría citada imparte o Grao en Enfermaría pola Universidade de Santiago de Compostela, título impartido tamén pola Facultade de

Enfermaría da Universidade de Santiago de Compostela, un centro propio desta universidade situado na cidade de Santiago de Compostela.

**TERCEIRO.** Os estudantes da Escola Universitaria de Enfermaría de Lugo realizan prácticas externas curriculares no Hospital Universitario Lucus Augusti e en centros de atención primaria dependentes do Servizo Galego de Saúde.

**CUARTO.** O Real Decreto-lei 2/2023, do 16 de marzo, de medidas urxentes para a ampliación de dereitos dos pensionistas, a redución da brecha de xénero e o establecemento dun novo marco de sustentabilidade do sistema público de pensións, engade unha nova disposición adicional quincuaxésima segunda no texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, na que se regula a inclusión no sistema de Seguridade Social de alumnos que realicen prácticas formativas ou prácticas académicas externas incluídas en programas de formación.

Segundo esta disposición, a realización de prácticas formativas en empresas, institucións ou entidades incluídas en programas de formación, e a realización de prácticas académicas externas ao amparo da respectiva regulación legal e regulamentaria, determinará a inclusión no sistema da Seguridade Social das persoas que as realicen, nos termos desta disposición adicional. Estas prácticas comprenden, entre outras, as realizadas por alumnos universitarios e dirixidas á obtención de titulacións oficiais de grao e máster, doutorado, así como as dirixidas á obtención dun título propio da universidade, xa sexa un máster de formación permanente, un diploma de especialización ou un diploma de experto.

A citada disposición sinala tamén que as persoas que realicen estas prácticas quedarán comprendidas como asimiladas a traballadores por conta allea no Réxime Xeral da Seguridade Social, e que o cumprimento das obrigas de Seguridade Social corresponderá, no caso das prácticas formativas remuneradas, á entidade ou organismo que financie o programa de formación ou, no caso de que o sistema estea cofinanciado, á entidade ou organismo ao que corresponda facer efectiva á contraprestación económica e, no caso das prácticas formativas non remuneradas, á empresa, institución ou entidade na que se desenvolvan aquelas, salvo que no convenio ou acordo de cooperación que, no seu caso, se subscriba para a súa realización, se dispoña que tales obrigas corresponderán ao centro de formación responsable da oferta formativa.

Como queira que o Concerto suscrito entre a USC e o Servizo Galego de Saúde (publicado por Orde de 18 de xuño de 2001) é anterior ao 1/1/24, ambas as partes conveñen na formalización dun instrumento no que consten expresamente os seus compromisos.

**QUINTO.** A Consellería de Sanidade e a Universidade de Santiago de Compostela están traballando actualmente no proceso para a integración da Escola Universitaria de Enfermaría de Lugo na institución universitaria de adscrición (USC).

En consecuencia, en liña co interese manifestado por ambas as institucións no proceso de integración e co fin de facilitar a inclusión no sistema da Seguridade Social dos estudantes que cursan neste centro adscrito o grao en Enfermaría nas mesmas condicións que os estudantes que o cursan no centro propio da Universidade de Santiago de Compostela, as partes conveñen a sinatura deste acordo de colaboración, que se rexerá polas seguintes

### **CLÁUSULAS**

**PRIMEIRA.** A Universidade de Santiago de Compostela comprométese a colaborar coa Consellería de Sanidade para a inclusión no sistema da Seguridade Social dos estudantes que cursen o grao en Enfermaría na Escola Universitaria de Enfermaría de Lugo e que realicen prácticas externas curriculares nos centros asistenciais dependentes do Servizo Galego de Saúde.

**SEGUNDA.** O cumprimento das obrigas diante da Seguridade Social corresponderá á Universidade de Santiago de Compostela, que comunicará altas e baixas no sistema, así como os días efectivos de prácticas, a partir da información que lle facilite a Escola Universitaria de Enfermaría de Lugo.

**TERCEIRA.** A cotización á Seguridade Social axustarase ao establecido na disposición adicional quincuaxésima segunda do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, para o caso de prácticas formativas non remuneradas.

**CUARTA.** As dúas partes acordarán mediante convenio calquera outra cuestión derivada dos compromisos de colaboración aquí establecidos.

**QUINTA.** O presente acordo producirá efectos desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024. Non obstante, coa finalidade de garantir o trato igualitario do alumnado, as partes acordan que os efectos do presente acordo se apliquen ás prácticas realizadas desde o 1 de xaneiro de 2024.

No caso de que, chegada a data de vencemento do prazo inicial previsto, non se tivese culminado o proceso de integración da Escola Universitaria de Enfermaría de Lugo na Universidade de Santiago de Compostela, as partes poderán acordar a prórroga do presente acordo por períodos anuais, respectando os límites temporais previstos no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

**SEXTA.-** As dúbidas ou discrepancias que xurdan con ocasión da execución do presente acordo resolveranse no seo da Comisión Mixta prevista na Cláusula quinta do Concerto suscrito entre a USC e o Servizo Galego de Saúde (publicado por Orde de 18 de xuño de 2001).

**SÉTIMA.-** As partes poderán modificar o presente instrumento por mutuo acordo cando resulte necesario para a mellor realización do seu obxecto, mediante unha addenda de modificación que requirirá a sinatura dun novo instrumento xurídico.

Son causas de resolución do presente acordo:

- a) O incumprimento por calquera das partes das súas cláusulas.
- b) A alteración substancial das condicións que propiciaron a súa celebración.
- c) A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste acordo de colaboración por causas non imputables ás partes.

**OITAVA.-** De conformidade co establecido na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, ademais do resto de lexislación vixente nesta materia, ambas partes se comprometen a gardar a máis estrita confidencialidade respecto de calquera das informacións, datos e documentación de carácter persoal á que teñan acceso en virtude do presente convenio e ao deber de gardalos, sen que poidan utilizarse para usos diferentes aos previstos no mesmo.

As partes fan constar, de maneira expresa, que velarán polo cumprimento da normativa de protección de datos persoais de aplicación en cada caso. Estas obrigas subsistirán mesmo despois de finalizar as relacións entre as partes.

**NOVENA.-** O presente acordo ten natureza administrativa e rexerase polas súas estipulacións e pola lexislación aplicable.

Os conflitos e controversias que puidesen formularse sobre a interpretación e a execución do presente acordo de colaboración deberán resolverse de mutuo acordo entre as partes a través da Comisión Mixta a que alude a cláusula sexta. No obstante, en caso de persistencia do desacordo, corresponderá á xurisdición contencioso administrativa resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir da súa interpretación e cumprimento.

**DÉCIMA.-** De conformidade coa Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, coa Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e co previsto no Decreto 132/2006, de 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, de 29 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a sinatura do presente acordo de colaboración suporá o consentimento

expreso das partes para incluír e facer públicos os datos referidos ao presente acordo no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, polo que a Consellería de Sanidade dará publicidade deste acordo de conformidade co que establecen as disposicións aplicables na materia.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente acordo na data que figura na respectiva sinatura electrónica.

<b>Pola Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde</b>	<b>Pola Universidade de Santiago de Compostela</b>
<b>Julio García Comesaña</b>	<b>Antonio López Díaz</b>